



O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía

Un movemento único desde a base

O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía reúne as autoridades locais e rexionais que, de forma voluntaria, se comprometen a intentar alcanzar os obxectivos de clima e enerxía da UE no seu territorio.

Este movemento **único desde a base**, que comezou no ano 2008 co apoio da Comisión Europea, conta agora con máis de 6500 asinantes*.

En 2015, ampliáronse os obxectivos da iniciativa para incluír algúns novos: o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía eleva o seu compromiso inicial de redución do CO2 e inclúe a adaptación ao cambio climático. As autoridades locais asinantes comparten unha visión que pretende converter as cidades en lugares **descarbonizados e resistentes** nas que os cidadáns poidan acceder a unha enerxía segura, sustentable e accesible.

Comprométense a preparar plans de acción para a enerxía sustentable e o clima de cara ao ano 2030 e a implantar **actividades locais de atenuación e adaptación ao cambio climático**.



O Pacto dos alcaldes é a «iniciativa urbana máis grande do mundo en materia de clima e enerxía».

Miguel Arias

Comisario Europeo de Acción polo Clima e a Enerxía



Os líderes e alcaldes da UE apoian de forma simbólica o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía no Parlamento Europeo en 2015.

Únase ao pacto!

O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía está aberto a todas as autoridades locais democraticamente constituídas con representantes electos, independentemente do seu tamaño e do estadio de implantación das súas políticas en materia de enerxía e clima.

Convidanse os asinantes que se comprometeron anteriormente a alcanzaren os obxectivos de 2020 e a seguir a iniciativa Mayors Adapt a volver asinar os obxectivos de 2030.

As autoridades locais veciñas de pequeno e mediano tamaño tamén poden, en determinadas condicións, unirse como un grupo de asinantes.

Os asinantes poden apoiar as autoridades rexionais e nacionais, así como outras organizacións sen ánimo de lucro, proporcionándolles recursos e experiencia. Daráselles recoñecemento como **coordinadores** ou **promotores** do Pacto dos alcaldes.

*Marzo de 2016

Motivos para participar

- Elevado recoñecemento e visibilidade internacional para as accións das súas autoridades locais en materia de clima e enerxía.
- Oportunidade de contribuír a lle dar forma á política da UE en materia de clima e enerxía.
- Compromisos cribles por medio da revisión e do control do progreso.
- Melloras oportunidades financeiras para os seus proxectos locais en materia de clima e enerxía.
- Maneiras innovadoras de facer contactos, intercambiar experiencias e forxar capacidades por medio de actos periódicos, irmandamentos, webinarios ou conversacións en liña.
- Apoio práctico (*helpdesk*), material de guía e ferramentas.
- Acceso rápido aos coñecementos que permiten alcanzar a excelencia e exemplos de casos prácticos alentadores.
- Autoavaliación facilitada e intercambios entre iguais por medio do persoal de control e informe común.
- Marco de referencia flexible para a acción, adaptable ás necesidades locais.
- Aumento da cooperación e do apoio das autoridades nacionais e rexionais.



«Para Fonte Nuova, participar no Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía é unha oportunidade de elaborar plans de acción de adaptación ao clima para a xestión sustentable e a seguridade futura do noso territorio».

Donatella Ibba, tenente de alcalde para Medio Ambiente de Fonte Nuova (Italia)



«O Pacto dos alcaldes axúdalle a Gante a converterse nunha cidade intelixente e sustentable. Ofrece axudas nas que apoiarnos para un enfoque transversal cara a unha cidade sen pegadas en relación co clima, con cidadáns responsables e dunha economía ecolóxica».


Daniël Termont, alcalde de Gante (Bélxica)



«O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía é unha oportunidade de facer avanzar os nosos proxectos de redes de enerxía intelixentes, o cal permitirá aforros no consumo enerxético e contribuirá á participación das comunidades locais».

Bojan Sever, alcalde de Idrija (Eslovenia)

O Pacto dos alcaldes paso a paso



Os asinantes presentan un Plan de acción para a enerxía sustentable e o clima (PAESC) que cobre tanto a atenuación como a adaptación, nos dous anos seguintes á sinatura formal. O PAESC baséase nun inventario de emisións de referencia e nunha avaliación do risco e da vulnerabilidade climáticos. Os asinantes informan dos avances cada dous anos.

Visión e compromisos dos asinantes

ATENUACIÓN

Acelerar a descarbonización dos nosos territorios

ADAPTACIÓN

Fortalecer a nosa capacidade de adaptarnos aos impactos inevitables do cambio climático

ENERXÍA SEGURA, SUSTENTABLE E ACCESIBLE

Aumentar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables

Colaborar a unha visión compartida para 2050



Implantar ou superar os obxectivos en materia de clima e enerxía para 2030 da UE

Polo menos, unha redución do **40 %** de CO₂ (e posiblemente outros gases de efecto invernadoiro) para 2030, por medio de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable.

Aumento da **resiliencia** ante os impactos do cambio climático.

Aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para **mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e accesible.**



Queremos ofrecerlles aos cidadáns unha elevada calidade de vida en cidades sustentables, resistentes ao cambio climático e cheas de vida

■ Como podo participar?

Participar no Pacto dos alcaldes esixe un compromiso político formal.

O alcalde ou un representante equivalente do consello municipal debe asinar o documento de adhesión.

Máis información:

www.eumayors.eu > Participación



■ A Oficina do Pacto dos Alcaldes

A Oficina do Pacto dos Alcaldes é a responsable da coordinación xeral da iniciativa. Componse de redes de autoridades locais e rexionais: Energy Cities, Climate Alliance, CEMR, EUROCITIES e FEDARENE, en estreita colaboración con ECOFYS, Fresh Thoughts e IFOK.

■ Máis información

Oficina do Pacto dos Alcaldes
63-67 rue d'Arlon
1040 Bruxelas
Bélxica

Tel.: +32 2 400 10 67

Correo-e: info@eumayors.eu

Twitter: @eumayors



www.eumayors.eu



Cofinanciado polos programas Intelligent Energy Europe e LIFE+ da Unión Europea

